

Recomendación dirixida ao Concello de Culleredo para que informe a Asociación de Veciños de XXX, actualmente denominada Asociación Cultural e Veciñal de XXX, da situación na que se atopa a vixencia do Convenio asinado no ano 1998 despois da aplicación da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público

Expediente: N.9.Q/14630/22

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2023

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por XXX.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- No seu escrito de queixa, o reclamante pon de manifesto como motivo da súa queixa, esencialmente, o seguinte:

-Que dende o 24 abril de 1998 a Asociación de Veciños XXX, agora renomeada como Asociación Cultural e Veciñal de XXX, ten unha concesión de 50 anos sobre o uso do local social en XXX.

-Que, por riba, existe outra concesión 50 anos dende o 19 de outubro de 1999 á mesma asociación para o campo de fútbol anexo ao centro social.

-Que na aldea coexisten varias asociacións.

-Que tal e como recolle o acordo de cesión no seu artigo sétimo, o réxime de uso das instalacións será establecido entre as asociacións interesadas.

-Que Concello de Culleredo con data 19/04/2022 confirmou a súa intención de celebrar unha xuntanza coas asociacións para o emprego do centro social.

-Que a pesar de que esta decisión do Concello impide a natural relación entre asociacións, a Asociación Cultural e Veciñal de XXX non puxo impedimento entendendo que o consenso, canto maior, máis facilita a convivencia.

Que a pesar da existencia dos contratos de cesión, o concello está dispoñendo do local social a discreción, sen derivar a solicitude de uso das instalacións á Asociación concesionaria. Que a concesionaria sempre se mostrou favorable a compartir instalacións, tal demostra a súa traxectoria nos últimos anos.

Que entendemos como agravio a actitude do concello dispoñendo da instalación como si non existise unha concesión vixente

Que a pesar de ter mantido conversacións coa persoa do concello que remite os avisos comentándolle que non nos opoñemos a que as instalacións sexan empregadas por outras entidades pero que a concesión é nosa e, por tanto, o concello non pode dispoñer das instalacións á nosa marxe, continuou esa dinámica.

Que en sucesivas conversas aviso de que a discrecionalidade do Concello está afectando ao funcionamento da nosa Asociación chegando este a ceder as instalacións un día que a Asociación concesionaria tiña axendada unha asemblea.

Que a pesar da nosa boa disposición e avisos, o Concello de Culleredo fai caso omiso e non consulta as cesións producindo unha clara situación de indefensión da Asociación Cultural e Veciñal de XXX.

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, desde esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe a ese concello que xa nolo remitiu e no que, esencialmente, se pon de manifesto o seguinte:

PRIMEIRO.- O Concello de Culleredo non asinou nin ten asinada ningunha concesión nin coa Asociación de Veciños de XXX nin coa agora denominada Asociación Cultural e Veciñal de XXX. No caso no que nos atopamos, a Asociación tiña autorizado o uso do Centro Social Municipal existente na Parroquia de XXX, mediante un convenio asinado no ano 1998 e ratificado polo Pleno. Polo tanto o que se asinou coa Asociación no ano 1998 foi un convenio administrativo.

A cláusula primeira do convenio recolle "ceder en uso á Asociación de Veciños de XXX, un local de planta baixa situado en XXX, de propiedade municipal". Polo que estamos

ante un convenio de cesión de uso, no cal a Asociación se beneficia do uso pero o propietario segue a ser o Concello.

SEGUNDO.- A cláusula décima do convenio, asinado en 1998, establece unha duración máxima de 50 anos. No momento de asinar o convenio non existía unha regulación legal e pormenorizada da figura dos convenios administrativos. Non foi ata a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público que se regulou dita figura, así hai que remitirse ó recollido por dito texto legal no cal se limita a duración dos convenios a catro anos, incluídos os preexistentes. Polo tanto, a día de hoxe, dito Convenio non estaría vixente e o acordado nel tampouco, isto tamén sería de aplicación ao Convenio asinado para o campo de fútbol anexo ó centro, xa que se reproducen as situacións.

TERCEIRO.- Por parte do Concello non se levou a cabo ningunha actuación discrecional, o Centro Social é de titularidade municipal, aínda que as chaves do mesmo están en mans da Asociación Cultural e Veciñal de XXX.

É certo que actualmente existen varias asociacións que conflúen no mesmo territorio e o Concello viuse na obriga de intervir activamente debido ás discrepancias que cada fin de semana xurdían entre membros das distintas asociacións polo uso do Centro, das que deron conta a Policía Local do municipio e que obrigaron incluso a intervir e mediar ás Concelleiras de Cultura e de Participación Cidadá e Medio Rural.

Debido a estes episodios a Asociación Cultural e Veciñal de XXX, sigue tendo na súa posesión as chaves do Centro e cando a Agrupación Veciñal XXX desexa levar a cabo algunha actividade solicita o centro por escrito ó Concello. O Concello revisa a solicitude e se procede a conceder dita autorización, como titular do edificio, notificádselle a Asociación Cultural e Veciñal de XXX as datas e horas nas que a outra Asociación fará uso do Centro.

A Agrupación Veciñal XXX solicitou por escrito o día 14 de outubro de 2022, como ven facendo, o uso do centro para o día 12 de novembro de 2022. Autorizóuselle dito uso o día 20 de outubro, poñendo a disposición de ambas asociacións a comunicación electrónica onde se informaba do uso de dito centro pola Agrupación Veciñal XXX. Dita notificación foi rexeitada o 31 de outubro, pola Asociación Cultural e Veciñal de XXX por expiración do prazo de 10 días.

O día 8 de novembro o presidente da Asociación Cultural e Veciñal de XXX, XXX ponse en contacto co Concello para informar sobre a existencia de dita asemblea, polo que por parte do Concello acordouse unha modificación no horario autorizado coa

Agrupación veciñal XXX, que estes aceptaron. E finalmente comunicóuselle ó presidente ó correo electrónico da Asociación (XXX@gmail.com) o día 8 de novembro de 2022 as 13:34h que poderían usar o centro de 12:00h a 13:30h como solicitara o presidente na chamada telefónica.

QUINTO.- En vista da situación que se xerou por mor da existencia de convenios que viñeron a ser derogados pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, e pola proliferación de Asociacións no Concello interesadas no uso dos centros municipais, o Concello elaborou unha ordenanza aprobada inicialmente por pleno de 26 de xaneiro de 2023, na que se regula o réxime de uso dos centros municipais, onde se recolle un sistema de cesión de uso baseado unicamente nos acordos entre as Asociacións que podan coexistir e en caso de discrepancia entre as asociacións ou falta de acordo entre elas, a ordenanza fixa un sistema de uso alterno por semanas por orde de antigüidade no rexistro municipal de Asociacións e Entidades cidadás, reservando en todo caso o Concello o seu uso preferente.

Tendo en conta o exposto, cómpre facer as seguintes

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- Analizado o escrito de queixa e o exposto no informe remitido polo Concello de Culleredo, dedúcese que:

1. Segundo a información remitida polo Concello de Culleredo, a Asociación de Veciños de XXX, agora denominada Asociación Cultural e Veciñal de XXX, tiña autorizado o uso do Centro Social Municipal existente na parroquia de XXX, mediante un convenio (e non unha concesión) asinado no ano 1998 e ratificado polo Pleno, tratándose dun convenio administrativo de cesión de uso, no cal a asociación se beneficia do uso pero o propietario segue a ser o concello, establecéndose unha duración máxima de 50 anos.
2. Segundo a información recibida e como expón o reclamante no seu escrito de queixa, actualmente existen varias asociacións que conflúen no mesmo territorio e o concello viuse na obriga de intervir activamente debido ás discrepancias que cada fin de semana xurdían entre membros das distintas asociacións polo uso do centro.

Tendo en conta o anterior, o Concello de Culleredo elaborou unha ordenanza na que se regula o réxime de uso dos centros municipais, recollendo un sistema de cesión de uso baseado unicamente nos acordos entre as asociacións que poidan coexistir e en caso de discrepancia entre as asociacións ou falta de acordo entre elas, a ordenanza fixa un sistema

de uso alterno por semanas por orde de antigüidade no Rexistro Municipal de Asociacións e Entidades Cidadás, reservando en todo caso ao concello o seu uso preferente.

SEGUNDA.- No informe achegado, como xa quedou exposto, faise constar o seguinte:

*A cláusula décima do convenio, asinado en 1998, establece unha duración máxima de 50 anos. No momento de asinar o convenio non existía unha regulación legal e pormenorizada da figura dos convenios administrativos. Non foi ata a Lei 40/2015 de 1 de Outubro de Réxime Xurídico do Sector Público que se regulou dita figura, así hai que remitirse ao recollido por dito **texto legal no cal se limita a duración dos convenios a catro anos, incluídos os preexistentes**. Polo tanto a día de hoxe dito Convenio non estaría vixente e o acordado nel tampouco, isto tamén sería de aplicación o Convenio asinado para o campo de fútbol anexo ó centro, xa que se reproducen as situación.*

A tal efecto, debemos ter en conta que a disposición adicional oitava, apartado 1, da Lei 40/2015 prevé un réxime de adaptación dos convenios subscritos con anterioridade á súa entrada en vigor, establecendo que:

Todos os convenios vixentes subscritos por calquera Administración pública ou calquera dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes deberanse adaptar ao aquí previsto no prazo de tres anos contado desde a entrada en vigor desta lei.

Non obstante, esta adaptación será automática, no que se refire ao prazo de vixencia do convenio, por aplicación directa das regras previstas no artigo 49.h).1.º para os convenios que non tivesen determinado un prazo de vixencia ou, existindo, tivesen establecida unha prórroga tácita por tempo indefinido no momento da entrada en vigor desta lei. Nestes casos o prazo de vixencia do convenio será de catro anos contando desde a entrada en vigor da presente lei.

Esta disposición adicional foi obxecto de distintas interpretacións por parte da doutrina, estando de acordo en que, como máximo antes do 2 de outubro de 2019 (entrada en vigor da Lei 40/2015), se deberá proceder á adaptación de todos os convenios ao disposto nesa disposición adicional oitava, apartado 1, primeiro inciso, da Lei 40/2015.

No caso do convenio referido no escrito de queixa presentado polo reclamante, e segundo o disposto na citada Lei, é obrigatoria a adaptación do dito convenio para adecuarse ao previsto no capítulo segundo do título preliminar desa Lei, no prazo máximo de tres anos (2 de outubro de 2019), alcanzando tamén esta obriga ao establecido na letra h) do artigo 49 referido ao prazo de vixencia.

Esa adaptación deberá recoller o prazo de vixencia máximo de catro anos, establecido no artigo 49 h) 1º, pero seralle de aplicación o previsto no número 2 da letra h) dese mesmo precepto: “En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no ordinal anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción”.

Por todo o exposto, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Culleredo a seguinte:

RECOMENDACIÓN

Que por parte do concello se proceda a informar a Asociación de Veciños de XXX, actualmente denominada Asociación Cultural e Veciñal de XXX, da situación na que se encontra a vixencia do convenio asinado no ano 1998 despois da aplicación da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que, no prazo de un mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de



Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas, daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo